

Centro directivo: Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

Localidade: Santiago de Compostela.

Anuncio do 24 de setembro de 2009, da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, polo que se comunica a apertura dun prazo para solicitar prazas de interinidades e substitucións no corpo de profesores de artes plásticas e deseño, especialidade deseño de interiores (595509).

Primeiro.-Comunícase que está aberto o prazo para posibles interinidades ou substitucións para:

Especialidade	Titulacións
Deseño de interiores	Arquitecto
	Título de deseño, especialidade deseño de interiores

Segundo.-*Prazo de solicitude.*

O prazo para presentar a instancia de solicitude, na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ou nas súas delegacións provinciais, será de sete días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*.

Terceiro.-*Modelo de solicitude.*

O modelo de solicitude poderá ser recollido na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, nas súas delegacións provinciais e está á disposición tamén na páxina web da consellería, no enderezo [http://www.edu.xunta.es/profesorado_interinos-substitutos/convocatorias_apertura_de_listaxes_de_substitutos_servizo_de_secundaria_\(documentos_relacionados\)](http://www.edu.xunta.es/profesorado_interinos-substitutos/convocatorias_apertura_de_listaxes_de_substitutos_servizo_de_secundaria_(documentos_relacionados)).

Cuarto.-*Comisión baremadora.*

A asignación da puntuación que lles corresponde aos concursantes será levada a cabo por unha comisión constituída por funcionarios destinados na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Esta comisión estará cualificada na categoría primeira para efectos do previsto no Decreto 144/2001, do 7 de xuño (DOG do 25 de xuño).

Poderá asistir ás reunións da comisión, con voz e sen voto, un representante por cada unha das organizacións sindicais con presenza na mesa sectorial docente non universitaria.

Quinto.-*Requisitos dos candidatos e candidatas.*

a) Estar en posesión da titulación que se sinala no punto primeiro deste anuncio.

b) Ter superado o curso Celga 4 de lingua galega ou validación equivalente.

c) Non obstante o anterior, poderán presentar solicitudes aquelas persoas que, posuíndo as titulacións sinaladas no punto primeiro, non posúan o curso de

Celga 4 de lingua galega ou equivalente. Estes candidatos poderán ser seleccionados, en defecto de candidatos que si o acrediten. Neste caso, de seren seleccionados, os candidatos deberán superar, no prazo máximo de 2 anos desde que sexan nomeados, o curso de Celga 4 de lingua galega ou equivalente. A superación deste curso deberá ser comunicada á Subdirección Xeral de Persoal da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Sexto.-O baremo, de acordo coa addenda asinada cos sindicatos da mesa sectorial docente o 11 de xullo de 2006, será o publicado na fase de concurso do último concurso-oposición convocado no DOG.

Santiago de Compostela, 24 de setembro de 2009.

José Luis Vázquez Fernández
Secretario xeral da Consellería de Educación
e Ordenación Universitaria

CONSELLERÍA DE SANIDADE

Orde do 11 de setembro de 2009 pola que se anuncia a convocatoria pública para a provisión dun posto de persoal directivo na Xerencia de Atención Primaria de Vigo.

De conformidade co establecido no artigo 59 do Decreto 206/2005, do 22 de xullo (DOG número 145, do 29 de xullo), de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, e en uso das atribucións conferidas a esta consellería,

DISPÓN:

Primeiro.-Anunciar a convocatoria para cubrir, polo sistema de libre designación, o posto de traballo que se indica no anexo I.

Segundo.-As retribucións fixas do posto ofertado serán as que correspondan de acordo coa orde pola que se ditan instrucións sobre a confección de nóminas do persoal ao servizo da Administración autonómica vixente. Respecto das retribucións variables, serán establecidas de acordo co cumprimento anual de obxectivos previamente pactados para cada posto directivo cos órganos competentes do Servizo Galego de Saúde.

Terceiro.-As solicitudes para participar nesta convocatoria poderán presentarse no Rexistro Xeral da Consellería de Sanidade, no das súas delegacións provinciais ou en calquera das direccións provinciais do Servizo Galego de Saúde, ademais de nas oficinas previstas no artigo 38.4º da Lei 4/1999 de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no prazo de quince días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.